

En memoria de Xosé Luís Franco, amigo sempre

Gonzalo Rodríguez Mourullo

1. Primeiros encontros

Sen dúbida aínda lembro o lugar onde nos atopamos por primeira vez Xosé Luís e eu: na planta baixa do claustro do que naquel entón –ano 1954– era o edificio central da universidade compostelá. Planta que compartían as Facultades de Filosofía e Letras e Dereito, o que facilitaba unha estreita convivencia entre os alumnos de ambas. Xosé Luís era alumno de primeiro de Filosofía e Letras e eu de segundo de Dereito. Sen embargo, non recordo coa mesma certeza quen foi o que mo presentou como un interesante poeta. Xosé Luís está seguro de que foi Amable Baliñas, alumno naquel tempo, como el, da Facultade de Filosofía e Letras e que logo sería catedrático da mesma. Coñecendo, como coñezo ben, a capacidade de recordar con precisión o pasado que tiña Xosé Luís, dou por bo que foi Baliñas quen nos puxo en contacto.


Naquel claustro empedrado escoitei por primeira vez, na súa propia voz, algúns dos poemas de Xosé Luís que me fascinaron.

2. A última conversa con Xosé Luís e a última dedicatoria

A miúdo mantiñamos longas conversas telefónicas. A última, o 14 de marzo de 2020. Chamoume alarmado polas noticias que informaban sobre a galopante difusión do coronavirus en Madrid. Quería saber como nos atopábamnos e como levabamos o confinamento. Durante a longa, como sempre, conversa non percibín nada que me fixese sospeitar o fatal desenlace que poucos días despois me comunicou a súa filla Navia.

A última dedicatoria, das moitas que me enviou ó longo da súa vida, recibina co motivo do envío da última edición de *A ilusión da esperanza*, datada en Vigo

o 12 de xaneiro de 2020 e pechada, como era costume, coa expresión latina «et nunc et semper». Esta nova edición finaliza con un novo perfil, neste caso de Xulio Ríos, e unha foto tomada no meu despacho de Madrid, na que aparecemos, de esquerda a dereita, Xosé Luís, eu, LUGRÍS e Xulio, o día que fixemos entrega a Ramón LUGRÍS do pequeno libro-homenaxe, publicado grazas ó esforzo de Xosé Luís e Xulio e que obedeceu ó propósito de rescatar do inxusto esquecemento do galeguismo actual a quen tanto contribuíu no seu día, en tempos difíciles, á recuperación da identidade cultural de Galiza.



A dedicatoria á que acabo de referirme di así: «A Gonzalo Rodríguez Mourullo. Estas páxinas nas que pretendín reter ese tempo noso, teu e meu».

Esta alusión o tempo compartido faime pensar que, nesta hora do recordo, pode que sexa oportuno desandar algúns tramos do mesmo e determe en momentos convividos que o propio Xosé Luís relatou.

3. A incorporación ó grupo estudantil galeguista de Santiago

Xosé Luís describiu cas seguintes palabras o que significou para el o encontro con este grupo.

Eu rexeitaba intimamente a idea de que a universidade fose un deserto, un ermo cultural, un mundo alleo do seu verdadeiro espírito. E un día coñecín a Gonzalo Rodríguez Mourullo, a Xosé Manuel Beiras, a LUGRÍS, a Gustavo Balboa, a Manuel Vidán, a Manuel Peregil e a outros rapaces, acontecemento que ía cambiar a miña vida toda e a dar sentido a miña presenza mesma en Compostela. E foi daquela cando un mundo se debuxou diante de min. Eles xuntábanse regularmente –unha vez a semana– nos baixos do Hotel Compostela. De súpeto, os acontecementos precipitábanse. Penso que LUGRÍS, Beiras e Mourullo

me tiveron en observación por algunhas semanas... Eu debín de pasar con éxito esta etapa de observación, pois un día Mourullo e Beiras, e penso que tamén Lugrís, dixéronme que fose canda eles a súa tertulia.

E relata así o primeiro día da súa asistencia á tertulia:

Xusto neste primeiro día de asistencia miña a aquela tertulia, Mourullo pedíume que lese algún poema meu. Con grande medo e despois de certos esforzos lin a Elexía na morte dun mariñeiro, que Mourullo celebrou e que eu lle dediquei. Era un poema que reflectía certas influencias de Manuel Antonio, poeta que Gonzalo prefería, polo seu vangardismo e que el mesmo me fixera ler poucas semanas antes na edición argentina bilingüe de EMCE.

4. Algunhas noites no «Yate»

Algunhas noites, cando eu decidía quedarme a durmir en Santiago, algúns do grupo, non todos, sempre Lugrís e Xosé Luís, trasladábase a tertulia a unha pequena cafetería da rúa da Senra, que naquel entón chamábase «El Yate», e alí permanecíamos ata altas horas da madrugada ca tolerancia do dono, que se chamaba Afonso e nos vía con moita simpatía.

Unha de esas noites produciuse un incidente que impactou a Xosé Luís e que recordou nalgunha ocasión posterior. Xosé Luís relátao así:

Realidade tan magoante poida explicar algúns feitos, que por anecdóticos que parezan, non deixan de ser reveladores desa realidade. Unha noite, no Yate da Senra, xuntámonos, como moitas veces, Lugrís, Mourullo, Rubal e outros. Mourullo decatouse que ían entrar no pequeno bar dous policías membros da entón temida Brigada Político Social moi coñecidos. «Coidado», dixo, «falade en castelán». E cando, dende a barra do bar, se decataron da nosa presenza, un deles volveuse para nos, despois dunha indicación do seu compañeiro, dicindo: “Pues si yo tuviera una ametralladora, ta, ta, ta... facendo un xesto ca man, como levando o ritmo da metralladora disparando”.

5. Compañeiros na «Xeración da Noite»

Borobó, nome que utilizou como periodista Raimundo García Domínguez, foi un referente para todos os mozos con inquietudes culturais daquel Santiago do que veño falando, e por extensión, de toda Galiza.

Como redactor xefe e director de facto do diario vespertino *La Noche*, que compartía redacción co irmán *El Correo Gallego*, no mesmo edificio da sede do Preguntoiro, Borobó contribuíu de maneira decisiva á recuperación da conciencia galega, desaparecida como consecuencia da Guerra Civil. Como importantes instrumentos conseguiu converter en diaria a «páxina de Artes

e Letras» e, xunto a ela, iniciou outra «Universitaria», na que colaboraban todos aqueles estudantes que sentían inquietudes culturais.

En canto os mozos que colaboraran na «páxina Universitaria» constituíron un grupo significativo, Borobó denominounos «Xeración da Noite». Denominación xa histórica, que constitúe un acerto, porque transcende o nome do propio diario para sinalar que era a nova xeración que comezaba a saír da longa noite que supuxo a ditadura, do que Xosé Luís bautizou como «anos escuros» e outros chaman «as tebras».

Da «Xeración da Noite» se ten dito que abriu as portas de Compostela ós renovadores aires dunha resistencia cultural sen precedentes dende o fin da Guerra Civil (Amable Baliñas).

Tanto Xosé Luís coma min fomos asiduos colaboradores da Noite e de cando en vez nos achegábamos ata a redacción do diario para falar con Borobó.

Borobó era un periodista maxistral que sabía tratar, a través da súa sección diaria de «Anacos», os máis actuais acontecementos dende os profundos saberes históricos cando o tema o requiría.

No plano persoal, Borobó tiña unha especial empatía para tratar e cativar ós mozos. Cativábanos a súa sinxeleza, a súa independencia, a súa irónica indiferenza ante os ouropeis e as vaidades e sabíamos que non se dobregaba ante as consignas de ninguén. Ademais, atraíanos o seu modo comprometido de facer periodismo e celebrábamos a súa habilidade para sortear a censura e, cando tropezaba nalgún momento con ela, acudíamos con prontitude o seu lado para mostrarlle a nosa adhesión e o noso afecto.

Os que sobrevivimos daquela época recordámoslle sempre con enorme admiración e cariño.

6. Xuntos nas Festas Minervais

A algúns membros do noso grupo, que xa habían demostrado posuír certas dotes organizativas, ocorréuselles, nun momento dado, recuperar as Festas Minervais, unhas xustas literarias que se celebraron outrora na Universidade de Santiago e que facía séculos que habían deixado de celebrarse. A finalidade última sería convertelas nunha festa galeguista.

Había que buscar un patrocinador e nese momento pensaron no aborrecible SEU (Sindicato Español Universitario), porque, o mellor, podía, dada a súa inutilidade e desapego estudantil, interesarlle participar en algo como o rescate dunhas festas que no seu día se celebraran con éxito popular.

Para lograr o bo fin da operación, os nosos organizadores apoiáronse en estudantes que, sen compartilo noso ideario, mantiñan con todo o grupo una entrañable amizade e non suscitaban no sindicato ningún receo.

Elixiuse como mantedor a un vello galeguista que había pertencido no seu día ó sector conservador do Partido Galeguista, Filgueira Valverde, e como raíña das festas a Ana Charro, filla dun prestixioso catedrático da Facultade de Farmacia, don Aniceto Charro. De este modo, dalgunha maneira, recordábase ó galeguismo histórico, por un lado, e, por outro, manifestábase o vínculo das novas festas ca universidade.

A celebración das novas Festas Minervais constituíu un rotundo éxito de gran repercusión en toda Galiza. Na primeira edición, como xa esperábamos, non admitiron concorrer con textos en galego, pero nas seguintes xa si, o que nos permitiu a Xosé Luís e a min obter os primeiros premios en Poesía e Narrativa respectivamente, el cun poema e eu cun conto, ambos en galego.

De modo que ó final, as Festas Minervais convertéronse nunhas festas galegas, tal como queríamos. Xosé Luís escribiu ó respecto que no nos equivocamos no noso propósito inicial, aínda que ó principio nos pareceuse unha loucura.

O 20 de febreiro de 2019, Xosé Luís envioume unha foto onde aparecemos os premiados xunto a Filgueira Valverde e a raíña das festas, e indícame con toda a precisión histórica que lle caracteriza os que xa non están entre nós: Dolarea Calvar, que, se non recordo mal, tivo un papel importante na negociación co SEU; Pérez Barreiro; López Nogueira, e Filgueira. Lista a que, con profundo pesar, teño que engadir agora ó propio Xosé Luís.



7. A paréntese

Cando acabei a carreira, ausenteime de Santiago para comezar un percorrido polas distintas universidades, que, sen estar establecido en ningún regulamento, convertérase nun requisito imprescindible para optar a cátedras da universidade na especialidade de Dereito Penal, que eu elixira.

Ese recorrido levoume, en primeiro lugar, á Universidade Complutense de Madrid, que aínda se seguía denominando Universidade Central, e, dende ela, ás Universidades de Roma e Friburgo de Brisgovia. Ese recorrido obrigoume a alonxarme de Galiza por un tempo, o que supuxo un paréntese na miña relación con Xosé Luís, roto por un encontro que tivo moito de casual. Produciuse nas dependencias da Audiencia Provincial de Pontevedra, onde nos atopábamnos ambos como avogados, durante a longa espera para entrar nas salas nas que se debatían os nosos respectivos xuízos.

Anos despois, Xosé Luís, con evidente benevolencia, escribiu que atopárame como nos tempos en que ambos paseábamnos xuntos polas rúas compostelás, coa mesma ironía e o mesmo bo xuízo para interpretar a realidade que nos rodea.

Pola miña parte, debo dicir que as promesas feitas naquel encontro para que non volvese a producirse un distanciamento similar, cumprímolas integramente e que, dende entón, a nosa amizade foi medrando día a día ata alcanzar a plenitude final. Xosé Luís escribiu: «A miña amizade con Gonzalo foi sempre grande, resistiu todas as voltas e reviravoltas das nosas vidas, seguiu sempre acesa e coído que non é unha parvada asegurar que así seguirá sempre, tan viva como daquela ou como hoxe, despois de trinta anos.» (*Os anos escuros*, 2004, p.37). E así foi.

8. A Semblanza

O día que cumprín a idade regulamentaria de xubilación, a Facultade de Dereito da Universidade Autónoma de Madrid ofreceume, presidida polo decano, unha cariñosa festa, no transcurso da cal os meus discípulos fixéronme a entrega dun precioso libro-homenaxe, de dos mil douscentas cincuenta e sete páxinas, con colaboracións de penalistas españois, italianos, alemáns e hispanoamericanos. Como é fácil de supoñer, o libro emocionoume ó comprobar o amplo número de colegas amigos cos que contaba. Pero, sen dúbida, a máis grata sorpresa e, como tal, inesperada, recibina ó abrir o libro e comprobar que, nas primeiras páxinas, o presentaban tres dos meus antigos discípulos e, xunto a eles, Xosé Luís con un texto titulado «Semblanza de Gonzalo Rodríguez Mourullo con Santiago al fondo».

A Semblanza contén, como pide este xénero de escritos laudatorios, eloxios que non corresponden a realidade, pero Isto é a parte anecdótica. O importante é que, está tan ben escrita, que constitúe en si mesma

unha brillante peza literaria. Iniciase con unha relación de personaxes composteláns cos que, como estudantes, convivimos ámbolos dous, ós que describe cunha certa pincelada:

Tengo la seguridad de que si Gonzalo cierra los ojos y piensa en el inicio de nuestra ya vieja amistad en aquella Compostela tan distinta de la actual –allá va medio siglo de nuestras vidas–, verá iniciarse un desfile de sombras a las que ambos estamos ligados, unas veces por los mismos motivos y otras por otros diferentes; pero, en cualquier caso, determinantes para los dos. Verá, como yo en este momento, que D. Luis Legaz Lacambra, nuestro rector de entonces, va subiendo con timidez por Tras de Salomé camino del Rectorado, ubicado en el edificio de la vieja universidad; que D. Ramón Otero Pedrayo, con su figura poderosa, esbelta, olímpica, entra en el Café Español a las tres menos diez; que D. Camilo Barcia Trelles, con la mirada perdida en el infinito, entra en la Facultad de Derecho; que D. Paulino Pedret Casado lleva en su cabeza todas las fechas que cabe imaginar; que D. Jesús Carro –el sabio, erudito y socarrón canónigo– pasa bajo los soportales de la Rúa do Vilar; mientras D. Ramón Otero Pedrayo nos advierte: «Señores, pasa D. Jesús Carro: son las cuatro menos diez»; que D. Álvaro D’Ors hace su paseo matutino recorriendo el Paseo de la Herradura (el «pretor peregrino» en nuestras bromas de estudiantes) antes de explicar su clase valiéndose del famoso atril verde que para siempre quedó grabado en nuestros recuerdos; que Carlos Maside, el pintor amigo de Gonzalo y de muchos otros de nuestra generación, atraviesa la Rúa do Vilar avanzando lentamente desde el número 42 de la misma hasta el Café Español, tocado con su elegante sombrero negro de ala ancha...

Péchase a Semblanza cunha graciosa fantasía desenrolada a partir da figura do Profeta Daniel do Pórtico da Gloria, que lle serve a Xosé Luís para escribir un fermoso canto á ironía.

Como veo siempre a Gonzalo con Santiago al fondo y nunca aislado de su actitud irónica, consustancial a su persona, tengo la impresión de que no resulta banal que, justo en esa ciudad, contemos con uno de los más bellos, antiguos y sorprendentes monumentos a la ironía: se trata de la sonrisa pícaro, guasona y de sutil regodeo que muestra el profeta Daniel en el Pórtico de 1a Gloria.

Él es la única figura del Pórtico de la Gloria que sonríe abiertamente y que parece ajena a la solemne y majestuosa grandiosidad plasmada en el conjunto escultórico.

Una sonrisa que, sin exagerar lo más mínimo, tanto nos recuerda a la de Gonzalo cuando lanza el fino estílele de su visión irónica de las cosas. Ambos, el profeta y el jurista, se nos muestran así entrañablemente compostelanos, no separados, sino unidos, al margen de los nueve siglos transcurridos y en íntima sintonía con una de las más hermosas galas de la inteligencia y de la cultura, como es la ironía. Verificarlo resulta muy fácil: basta con compararlos. No se trata de una percepción excesivamente subjetiva, estoy seguro. Al fin, uno y otro son hijos del mismo país.

9. Unha opinión relevante

Xosé Luís é o máis importante referente entre os escritores galegos da segunda metade do século XX e o que vai do actual. Como escritor cultivou con éxito distintos xéneros, como o relato histórico, imprescindible para comprender a resistencia cultural que conduciu á recuperación da identidade de Galiza, desaparecida a raíz da Guerra Civil; o seu estudo do idioma que cristalizou co impresionante e tan necesario Dicionario Galego-Castelán; ensaio político –nova política para novos tempos–; relatos de personaxes que se cruzaron na súa vida; teatro; periodismo... En todos estes campos a súa aportación é magnífica, pero permítaseme que diga que, para min, dende que lle escoitei en 1954 no claustro da universidade compostelá aquel poema que tanto me impactou, Xosé Luís é, por riba de todo, un grandísimo poeta.

Como a miña non é máis que a opinión dun profano, escudareime na opinión dun catedrático de literatura, excelente narrador e tamén poeta: Xosé Luís Méndez Ferrín. Méndez Ferrín cualifica a Franco Grande como un «dos máis altos poetas que teñen habitado a república das nosas letras contemporáneas». (*Os anos escuros*, 2004, ap. 10, p. 429). E eu non podoo menos que asentir.